

PROXECTO EDUCATIVO

2024-2028

A escola que queremos



CRA A LAGOA

SALVATERRA DE MIÑO

36024070

ÍNDICE

Contextualización	3
Principios educativos e sinais de identidade	6
Obxectivos	10
Metodoloxía	14
Relación e convivencia coa comunidade educativa	21
Avaliación do proxecto educativo	24

INTRODUCCIÓN

A escola é un espazo de aprendizaxe, que se ben é certo que ten localización concreta, ha de concibirse como un organismo aberto, así como adaptarse constantemente ás novas necesidades e aos novos contextos. Creando deste xeito, persoas competentes para a vida, con pensamento crítico, que alcancen o máximo desenvolvemento integral, emprendedoras, capaces de reinventarse e aprender ao longo dos anos. É fundamental polo tanto, unha boa intelixencia emocional, que faga capaz ao alumnado de resolver conflitos de xeito pacífico, de poñerse no lugar do outro (empatía e tolerancia) e de autocoñecerse adquirindo unha boa autoestima.

Para isto é imprescindible un equipo docente unido, motivado e ilusionado por levar a cabo proxectos innovadores que acheguen a escola á vida real, que consigan crear un clima de harmonía e convivencia e unha boa relación con toda a Comunidade Educativa.

Faise necesaria por tanto a elaboración dun proxecto que se estableza como marco e guía para dar unha resposta efectiva mediante unha actuación debidamente coordinada contando con toda a Comunidade Educativa. É dicir, un proxecto que supoña un punto de referencia estable sobre o que fundamentar a acción educativa así como as modificacións e melloras pertinentes, garantindo unha atención de calidade e optimizando ao máximo os recursos (propios e da contorna), para conseguir o modelo de escola que queremos para o CRA A Lagoa.

Deste xeito garántese a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe, posto que damos operatividade aos presupostos pedagóxicos establecidos legalmente. Do mesmo xeito, facilitamos a avaliación periódica, favorecendo a adecuación e as modificacións na implementación do plan, converténdose así nun documento aberto e flexible que pode adaptarse e revisarse para dar resposta a posibles necesidades que xurdan ao longo do curso escolar.

CONTEXTUALIZACIÓN

DATOS XERAIS

Tipo de colexio: Colexio Rural Agrupado de Educación Infantil.

Denominación: C.R.A. A Lagoa.

Enderezo da sede: Rosalía de Castro, nº 108. Salvaterra de Miño.

Código Postal: 36450.

Teléfono/fax: 986 65 93 63.

Código do centro: 36024070

Titularidade: pública

Nº de unidades: 7 de 2º ciclo de E. I.

Postos de traballo: 14

Centros ós que está adscrito:

C.E.P. Carlos Casares

C.E.I.P. Infante Felipe de Borbón

C.E.I.P. de Leirado

O C.R.A. A Lagoa foi constituído en novembro de 1999 (DOGA 11/11/99) a partires das escolas unitarias do concello de Salvaterra de Miño.

Inicialmente constaba de once aulas (10 de infantil e 1 de primaria), actualmente o CRA A Lagoa conta con 7 unidades de Educación Infantil en:

Arantei, Cabreira, Corzáns, Fornelos, Oleiros, Pesqueiras, A Vesada (Alxén)

CARACTERÍSTICAS XEOFÍSICAS

Salvaterra de Miño é un concello situado no sur da provincia de Pontevedra, na zona do Condado; fai fronteira con Portugal ó que se chega cruzando a ponte construída sobre o río Miño.

Salvaterra de Miño limita cos concellos de Pontearreas, As Neves, Salceda de Caselas e Tui.

Ten unha extensión de 70 km². espallados en 17 parroquias.

Dende o punto de vista socioeconómico atópase dentro da Área Metropolitana de Vigo, que é a cidade máis próxima que proporciona maior número de ofertas laborais non agrarias á súa poboación.

Caracterizado por un clima húmido con gradación mediterránea, este concello ten unha clara tradición hortícola e vinícola, acadando cada ano máis importancia a “Festa do viño do Condado”.

Non podemos esquecer na bioxeografía a súa fauna piscícola, especialmente as troitas e as lampreas.

Vese un recente aumento na poboación, posiblemente debido á oferta de vivenda a mellor prezo que en poboacións próximas. Isto proporciona un aumento do alumnado nos centros educativos, especialmente no centro de Salvaterra.

INSTALACIÓNS

Temos a sede no centro de Salvaterra e as sete aulas están repartidas nas parroquias de :

- **A Vesada:** 1 unidade de infantil
- **Arantei:** 1 unidade de infantil
- **Cabreira:** 1 unidade de infantil
- **Corzáns:** 1 unidade de infantil
- **Fornelos:** 1 unidades de infantil
- **Oleiros:** 1 unidades de infantil

- **Pesqueiras:** 1 unidade de infantil.

Cada unha destas aulas conta cun espazo exterior pechado, máis ou menos amplo, empregado como zona de recreo.

O feito de que as aulas estean repartidas nun radio aproximado de 20 km., fai que a itinerancia do profesorado e dos medios materiais sexa un dos nosos rasgos característicos e diferenciados con relación a outros colexios.

Utilización das instalacións:

Dadas as especiais características do C.R.A., temos que distinguir entre as instalacións de uso común (sede) e as propias das aulas.

- **Patios (das distintas aulas):** quedarán pechados fóra do horario escolar e só poderán ser utilizados coa debida autorización. Coa excepción de Oleiros e Arantei que xa que teñen terreo compartido, ás veces ábrese polas tardes.
- **Biblioteca:** cada aula conta cun recanto de biblioteca, con préstamo de libros. Ademais na sede do C.R.A. contamos cunha biblioteca central na planta baixa, que está pendente de obra para realizar a súa apertura en horario lectivo.
- **Ximnasio:** non contamos cun ximnasio propiamente dito en ningunha das aulas, pero empréganse as aulas contiguas para o desenvolvemento da educación física, excepto Pesqueiras e Corzáns, nas que se emprega a propia aula.
- Na **sede** do C.R.A. contamos con:
 - Sala de Profesores: lugar de reunión do profesorado.
 - Dirección: espazo onde traballa o equipo directivo.
 - Sala de fotocopiadoras e plastificadora.
 - Obradoiro de traballo, dotada con ordenadores e diferentes tipos de material.
 - A biblioteca.
 - Almacén, onde temos o material de uso común e o material audiovisual, cando non rota polas aulas.

No ano 2012 engadiuse como almacén a casa contigua con número 110, onde de momento ben acondicionada só está a biblioteca ata que podamos obrar para unir e facer melloras na planta de arriba.

ALUMNADO

O C.R.A. A Lagoa escolariza a nenos/as do segundo ciclo de E.I.

Socioloxicamente o alumnado pertence, na súa maioría, a familias de clase traballadora con recursos medio/baixos.

FAMILIAS

As familias dos/as nenos/as escolarizados no C.R.A. contan maioritariamente coa axuda e apoio dos avós e avoas, que son en moitos casos os que traen e recollen ó alumnado.

Observamos que maioritariamente, seguen sendo as nais (ou avoas) as que levan o peso da relación da familia/escola, polo que vemos a necesidade de realizar actividades que impliquen e animen ós pais a acercarse á escola e a interesarse polo que alí acontece.

A colaboración das familias, en xeral, é boa.

PRINCIPIOS EDUCATIVOS E SINAIS DE IDENTIDADE

MISIÓN

Como centro rural temos como misión ofrecer unha educación de calidade, garantista da igualdade de oportunidades, dinamizadora do medio rural galego e da súa lingua. Temos que conseguir un desenvolvemento integral do noso alumnado, sempre nun clima afectivo, creando un entorno seguro, respectuoso e de confianza, onde teña cabida toda a comunidade educativa.

VISIÓN

Queremos converternos nun centro educativo de referencia para alumnado con NEAE e de innovación educativa. Construír un modelo de educación baseado no Deseño Universal da Aprendizaxe, na supresión de barreiras de acceso e de igualdade de oportunidades, na aprendizaxe colaborativa, por experiencia e por descubrimento, poñendo en valor o desenvolvemento socioemocional como base e funcionalidade para calquer aprendizaxe.

VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

RESPECTO POLA INFANCIA:

Respectar a infancia é respectar os seus ritmos de aprendizaxe, os seus intereses, as súas necesidades persoais, emocionais e formativas dende o cariño e a firmeza. E para elo é imprescindible coñecer o desenvolvemento psicolóxico, físico e cognitivo dos nenos, para saber así axustarse en todo momento respectando os seus procesos e ritmos de aprendizaxe, sen apresurar nin forzar o seu proceso madurativo. Necesario tamén educar a toda a comunidade educativa no coñecemento dos procesos da infancia e das implicacións dunha educación afectiva para o seu desenvolvemento emocional adecuado, fundamental para crear persoas resilientes, emprendedoras, cívicas e capaces de enfrentarse á vida.

APRENDIZAXE ACTIVA:

Sen libros, en entorno natural, significativa, vinculada coa realidade, afectiva e emocional. Favorecedora da autonomía, o descubrimento e o emprendemento na aprendizaxe.

FORMACIÓN PARA A CIDADANÍA:

Formamos cidadáns, persoas autónomas, críticas e emprendedoras con capacidade para aprender, reaprender e autoaprender durante a súa vida. Traballamos hábitos da vida diaria, a autonomía, resolución de problemas e situacións da vida diaria, xogo simbólico da vida adulta e valores de cidadanía activa.

COMPENSADORA DE DESIGUALDADES:

Unha das funcións da educación é ser compensadora de desigualdades que xeran fendas entre as persoas. Tratamos de compensar por tanto necesidades emocionais, sociais e culturais, dando igualdade nas oportunidades de todos.

INCLUSIÓN:

A atención á diversidade é un eixo fundamental no noso centro. O Departamento de Orientación actúa coordinando accións coas persoas titoras para a atención personalizada do alumnado e das familias. Este departamento establécese como un elemento de asesoramento, orientación, coordinación e formación para toda a Comunidade Educativa e cos recursos externos en materia de atención á diversidade. O centro organízase para asegurar os apoios necesarios tanto persoais como materiais ao alumnado con diversidade, dentro das nosas posibilidades de funcionamento.

ESPAZOS DE APRENDIZAXE:

Favorecedores da autonomía, da creatividade, da curiosidade e as relacións sociais. Evitando ruidos visuais e sonoros. Inclusivos, comprensibles e predecibles por todo o alumnado. Levando a cabo unha transición paulatina cara ambientes máis flexibles con recursos cada vez máis duradeiros e ecolóxicos.

ESCOLA RURAL:

As nosas aulas están nun espazo privilexiado no que o contacto coa natureza e o entorno supón un recurso de aprendizaxe e benestar fundamental. Como centro rural, somos unha entidade de dinamización do medio rural polo que traballamos polo coñecemento e vínculo da comunidade educativa cara os recursos da súa contorna próxima dende unha perspectiva ecoloxista e de coidado do medio ambiente. Temos a responsabilidade de transmitir e manter o legado inmaterial ao alumnado.

CREADORA DE COMUNIDADE:

Creadora de lazos socioemocionais e de vínculo coa comunidade e o entorno rural. A relación das familias coa escola é fundamental. A nosa mirada proxéctase non soamente cara o alumnado senon tamén para todos aqueles elementos que inflúen directa ou indirectamente na súa evolución e aprendizaxe, isto é: toda a comunidade educativa (familia, entidades e servizos externos, entidades locais...). Por iso a nosa relación con todos eles será de cercanía, comunicación, coordinación e apertura, dándolles cabida e atención no noso centro. Somos unha escola de todos e para todos.

ESCOLA DE BENESTAR:

Somos firmes defensores de que a aprendizaxe afectiva e efectiva soamente se dá nun ambiente de benestar e convivencia. Por iso traballamos pola comunicación asertiva, educación respectuosa, disciplina positiva, a formación e atención para as familias.

FORMACIÓN CONTINUA:

Toda a nosa actividade vai orientada cara o benestar e a aprendizaxe do alumnado, polo que é imprescindible a formación continuada para entender cada vez máis as necesidades do alumnado en todos os ámbitos do seu desenvolvemento, e axustar as accións educativas a estas necesidades. Isto é para nós unha escola innovadora.

OBJECTIVOS

Este proxecto está orientado a lograr o desenvolvemento integral de todo o alumnado, asegurando a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación e a prevención da violencia de xénero, nun clima afectivo que favoreza o benestar e a convivencia. Para isto, establecemos unha serie de obxectivos específicos para as diferentes áreas de mellora detectadas:

INSTALACIÓNS E RECURSOS MATERIAIS

1. Crear espazos de traballo e aprendizaxe funcionais, atractivos e ben conservados, con recursos e mobiliario renovados que apoién un modelo educativo innovador.
2. Dar continuidade ás actuacións de mellora que se veñen levando a cabo nos últimos anos a nivel estrutural das aulas.
3. Avanzar no proxecto de ampliación e mellora da biblioteca e da sede para poder crear espazos adecuados, promover a súa utilización e dinamizala como espazo neurálxico e vital para o desenvolvemento da práctica educativa do centro.

4. Reforzar os equipamentos, renovar os máis vellos e desfasados que xa non cumpran coas expectativas reais do ensino e velar polo correcto estado e funcionamento dos mesmos.

ASPECTOS ORGANIZATIVOS

1. Poñer en marcha estratexias para asegurar a matriculación do alumnado e evitar o peche de unidades (aulas), establecendo estratexias de difusión que favorezan a matriculación de alumnado novo.
2. Optimizar a xestión dos tempos para obter máis funcionalidade de organización.
3. Organizar os espazos e tempos para unha mellor atención á diversidade.
4. Mellorar a oferta de servizos concilia para facer máis atractiva a matriculación nas nosas escolas.
5. Manter actualizados os documentos de centro, atendendo ás variacións lexislativas, participando todo o profesorado, en prol de acadar acordos en consenso que fagan que ditos proxectos sexan útiles e reais para a nosa tarefa como Centro Educativo.
6. Levar a cabo procesos de reflexión e avaliación deste proxecto educativo, en diferentes momentos segundo conveña, para detectar necesidades de mellora ou ampliación.

ALUMNADO

1. Ofrecer unha educación de calidade, que favoreza a convivencia e a igualdade de xénero e o coñecemento da identidade e o patrimonio cultural e lingüístico.
2. Levar a cabo proxectos que consigan un alumnado libre, empoderado e sensibilizado coa diversidade.
3. Promover entre o alumnado estratexias de resolución pacífica de conflitos e valores de non violencia, de igualdade entre homes e mulleres e non

discriminación.

4. Fomentar e organizar actividades compartidas entre os nenos/as das diferentes aulas.
5. Garantir un modelo de escola aberta, pluralista e non discriminatoria que atenda a diversidade.
6. Impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do galego como lingua vehicular do centro, poñéndoa en valor para todos os ámbitos.
7. Evitar a exposición innecesaria ás pantallas por parte do alumnado, creando unha cultura de uso responsable e axeitado das TIC tamén entre as familias para que repercuta na boa educación dixital dos seus fillos.

PROFESORADO

1. Mellorar a coordinación docente e asegurar un bo clima de centro, tanto no que atinxe ás relacións profesionais como persoais entre o profesorado, que favoreza o bo desenvolvemento das tarefas que competen como profesionais do ensino.
2. Manter intacta a motivación e o sentimento de equipo entre o profesorado, para impulsar proxectos de centro innovadores.
3. Poñer en valor o traballo das docentes, buscando e reclamando posibilidades horarias para facilitarlles a coordinación, planificación e traballo persoal.
4. Fomentar a formación continua do equipo docente a través da participación en proxectos de formación no centro e grupos de traballo de cara á introdución de innovacións e melloras na nosa tarefa como mestres e mestras así como a optimización dos recursos existentes que nos capacite para deseñar unha nova pedagogía con novas formas de aplicar, transferir e relacionar o coñecemento.
5. Revisar o sistema de avaliación do centro co fin de que repercuta na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe así como na xestión dos recursos

humanos, materiais e funcionais.

6. Impulsar e valorar o Departamento de Orientación como un espazo dinamizador esencial para o funcionamento do centro e en particular na atención á diversidade.

FAMILIAS E INSTITUCIÓNS EXTERNAS

1. Mellorar a relación das familias co centro e vinculalas no proceso de ensino-aprendizaxe, fomentando a corresponsabilidade educativa.
2. Manter a coordinación e colaboración con institucións e servizos externos para a mellora da calidade educativa e a atención ao alumnado.
3. Divulgar e concienciar da importancia da Educación Infantil entre a Comunidade Educativa.
4. Fomentar desde os distintos sectores da Comunidade Educativa a conciencia de pertenza a un colectivo común, aínda que respectando as diferenzas entre as distintas parroquias, traballando na construción dun proxecto común de Escola, fomentando e posibilitando a través das actividades complementarias e extraescolares, a convivencia entre alumnado e familias pertencentes ás distintas parroquias do Concello de Salvaterra de Miño.
5. Velar pola estreita colaboración, comunicación e relación coas familias, establecendo ao DO como un recurso ordinario de asesoramento e orientación.
6. Colaborar coa ANPA “Pequeniños” na difusión das súas actividades, poñendo á súa disposición non só información senón tamén os recursos necesarios e impulsala ante as familias como recurso de coordinación e colaboración familia-centro.
7. Mellorar a coordinación e relación cos centros de Primaria receptores dos nosos alumnos: CEIP INFANTE FELIPE DE BORBÓN, CEP CARLOS CASARES e CEIP DE LEIRADO.

8. Colaborar co Concello de Salvaterra de Miño a través das concellerías de Educación e Servizos Sociais así como coa Asistentente Social, a Traballadora e Educadora Social para a correcta e necesaria atención ás familias que o precisen.
9. Manter a comunicación e coordinación co Servizo de Atención Temperá.
10. Impulsar o correcto mantemento e reparación das diferentes escolas, o que nos implica fomentar relacións co Concello de Salvaterra de Miño, e coa Consellería de Educación, a través da Xefatura Terriorial.
11. Favorecer a participación da comunidade educativa nas actividades culturais do contorno.
12. Establecer e fortalecer distintas vías de colaboración coas distintas institucións externas, apostando pola apertura da escola cara a comunidade en xeral.

METODOLOXÍA

A nosa metodoloxía parte de cinco eixos vertebradores.

1. Respetto á infancia

Recoñecemos aos nenos como individuos con dereitos propios, tratándoos con dignidade e consideración, e promovendo a súa participación activa na toma de decisións sobre as súas vidas. Na aula, procuramos realizar un acompañamento respectuoso, establecendo relacións baseadas no respecto mutuo entre profesorado e alumnado, valorando as súas opinións, sentimentos e necesidades.

Como respectamos á infancia?

- Amosando **afecto**: facémoslles sentir queridos/as, seguros/as e valorados/as.

- Respectando os **ritmos individuais** e a **diversidade**: Adaptámonos aos períodos sensibles da infancia, tendo en conta a súa maduración e as características únicas de cada neno/a. Aínda que en xeral os nenos están maduros no control de esfínteres cando chegan á escola, somos conscientes de que ás veces non é así. Nestes casos recomendamos que se empreguen cueiros tipo braga para que dende o centro poidamos fomentar a súa autonomía. Nestas situacións a titora conveniará coa familia a conciliación para estes cambios.
- Provomendo o seu **desenvolvemento integral**. Tal e como di o artigo 4 do Decreto 150/2022, a finalidade da educación infantil é contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado en todas as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva e artística, potenciando a autonomía persoal e a creación progresiva a dunha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos, así como a educación en valores cívicos para a convivencia. Para acadar este desenvolvemento integral, fomentaremos a adquisición de valores.
- A través dunha **educación inclusiva**: atenderemos á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e na evolución infantil, así como á detección precoz e á atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.
- Potenciando a **personalización**: recoñecemos as fortalezas e debilidades mediante perfís persoais, entrevistas e titorías coas familias e observacións continuas dos intereses e necesidades dos nenos/as.
- Creando un **ambiente de calma**: buscamos unha escola que deixa tempo para aprender, así como espazos para “ser e estar”; promovendo o asombro.
- Dándolles **liberdade**, o cal non está confrontado co establecemento duns **límites e normas** claras. Estes teñen que ver co respecto cara un mesmo/a, os/as outros/as, os espazos e os materiais.

- Enfoque baseado no **neurodesenvolvemento**: partimos das etapas evolutivas e necesidades dos/as nenos/as, e temos en conta as evidencias científicas relacionadas coa **neurociencia**.
- Tendo en conta e valorando as súas **emocións**: todas as emocións son válidas, aínda que unhas nos resulten máis agradables que outras, o que non son válidas son algunhas condutas e comportamentos que aparecen dependendo da emoción que sintamos; estes comportamentos e condutas acompañarémolos dun xeito respectuoso, axudándolles a identificar as súas emocións e dándolles ferramentas para comezar a xestionalas.

2. Aprendizaxe Activa

Este tipo de aprendizaxe permite que os/as nenos/as participen activamente no seu propio proceso de aprendizaxe mediante a vivenciación, a experimentación, a manipulación e o xogo. Este enfoque promove unha aprendizaxe significativa e fomenta o desenvolvemento integral dos/as nenos/as, permitindo que exploren e descubran por si mesmos/as.

Os aspectos deste tipo de aprendizaxe son:

- **Autonomía**: fomentaremos a autonomía, permitindo que os/as nenos/as tomen decisións e asuman responsabilidades acordes á súa idade e maduración, construíndo así a súa autoestima e capacidade de tomar decisións axeitadas. Axudaremos a desenvolver destrezas que contribúan a «aprender a ser» e a «aprender a facer», para avanzar así no camiño cara ao desenvolvemento dun certo grao de autonomía, responsabilidade e iniciativa na realización de tarefas. Aproveitaremos as oportunidades que se nos presentan no noso día a día para mellorar este aspecto, como a realización do cambio de roupa cando se ensucian ou mollan.
- **Movemento**: este cobrará gran relevancia, xa que o noso corpo é o medio que nos permite coñecer o mundo que nos rodea e a nós mesmos/as. Polo tanto, fomentaremos as actividades vivenciais e manipulativas, e haberá un tempo da xornada adicada ao tránsito libre entre diferentes propostas e xogos, facilitando a aprendizaxe mediante o movemento e a experimentación.

O xogo é a forma natural na que os nenos e nenas aprenden; polo tanto, non debemos velo como algo secundario, que vén despois do cumprimento das obrigas.

- **Filosofía e pensamento crítico.** Traballar estes aspectos é importante porque axuda aos/ás nenos/as a desenvolver habilidades como a reflexión, o análise e a argumentación. Isto permítelles cuestionar o mundo que os rodea, pensar de maneira independente e tomar decisións fundamentadas.
- **Non usamos libros de texto:** estes promoven a uniformidade, xa que todos os nenos/as reciben a mesma información da mesma maneira, sen permitir cambios ou adaptacións segundo as necesidades e intereses e polo tanto non respondendo á diversidade. Ademais, a información presentada nos libros de texto pode estar fóra de contexto, dificultando a súa comprensión e conexión co seu entorno inmediato; e adoitan ofrecer unha única resposta correcta, o que non fomenta o pensamento crítico nin a exploración de diferentes perspectivas.

3. Ambientes, espazos preparados e materiais

Consideramos o espazo como un terceiro educador, de aí a importancia de que estes espazos estean deseñados para facilitar o desenvolvemento dos nenos/as, proporcionando materiais axeitados á súa idade e intereses que promovan a independencia, a concentración e o desenvolvemento de habilidades. Coidaremos neste sentido os seguintes aspectos:

- Creamos **espazos** que permitan a mobilidade, que sexan versátiles e que escapen da rixidez, que potencien a exploración, e que en definitiva permitan ao alumnado utilizar os lugares de diferentes xeitos.
- Ambientes **inclusivos:** creamos espazos que permiten a manipulación, experimentación, descubrimento e autonomía, fomentando a convivencia nun clima de confianza e seguridade. Estes espazos están pensados para adaptarse ás necesidades de cada crianza, dando resposta ao que precisan.

- Usamos **materiais** de calidade e diversos, o máis naturais posibles e reais. Proporcionamos materiais lonxe de estereotipos, adaptados para estimular a curiosidade e a aprendizaxe.
- As actividades relacionadas coas **TIC** (tecnoloxías da información e a comunicación) estarán seleccionadas coidadosamente para evitar a exposición innecesaria ás pantallas. Isto significa que non faremos un uso recreativo delas. Darémoslle valor ao desenvolvemento do pensamento computacional nas crianzas e a potenciar actividades **STEAM** (ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) que permitan, entre outros factores, a mellora da súa creatividade.
- **Espazo exterior**: consideramos o espazo exterior igual de importante, xa que este permite o libre movemento, e polo tanto o desenvolvemento da psicomotricidade, así como a conexión coa natureza, que é fundamental para o desenvolvemento integral das crianzas (permítelles explorar, descubrir e aprender de forma experiencial; polo que é lóxico que as crianzas se ensucien e mollen, para o cal temos xa previsto un recambio de roupa na aula). Queremos conseguir uns patio vivos, capaces de ofrecer oportunidades para que os/as nenos/as poidan moverse e aprender a través da observación e da experimentación dos ciclos naturais, como as estacións do ano, o crecemento das plantas ou o ciclo da auga (nas nosas escolas contamos con horta escolar). Isto bríndanos a oportunidade de comprender e apreciar a interconexión dos seres vivos e o medio ambiente no que viven.

4. Relación coa contorna e cos iguais

- Somos unha escola participativa e dámoslle moita importancia ás **convivencias** coas familias, entre as aulas ou incluso entre diferentes centros. Aproveitaremos numerosas conmemoracións e tradicións da zona para propiciar estas convivencias, facilitando a relación coa contorna máis próxima e coidando ás persoas da comunidade.
- Aproveitamos os **recursos máis cercanos**, favorecendo saídas a pé dende as nosas aulas e dándolle moita importancia aos cambios que experimenta a natureza debido aos diferentes ciclos.

5. O papel do adulto

- Consideramos ao adulto como unha **guía e acompañante** respetuoso das nenas e dos nenos, a súa labor basease na observación atenta grazas a cal se detectan as necesidades e as fortalezas; promovendo a escoita activa a cal nos permite respectar, establecer diálogos, estar presentes recoñecendo o dereito ao alumnado a ser escoitado e atendido. Grazas a esta observación podemos avaliar non só aos alumnos senon tamén o uso dos espazos e dos materiais captando aquilo que interesa e motiva ao alumnado, os materiais máis apropiados e intervir só naqueles momentos nos que precisen fomentando este diálogo continuo.
- A **documentación** axúdanos a recoller aquilo que sucede no proceso de ensinanza e aprendizaxe; a recopilación de fotografías, rexistros, ideas e producións dos nenos e das nenas, anécdotas gardadas no noso diario de aula son ferramentas que nos permitirán avaliar o proceso.
- A **información ás familias** deberá de ser o máis fluida posible, e será grazas a varias vías: mínimo unha reunión grupal anual para transmitir a información pertinente, unha titoría trimestral a cal será a mellor maneira de trasladar a información que se desexe, información diaria fluída grazas a dúas vías, por un lado as entradas e as saídas que se aproveitarán para transmitir a información que se desexe e a APP Abalar.

MOMENTOS DA XORNADA

A nosa xornada dividímolos en varios momentos, moitos dos cales se repiten no día a día e outros que levamos a cabo ao longo do curso segundo as nosas necesidades, intereses, motivacións ou épocas do ano:

- A **entrada** nas nosas escolas é un punto de igual importancia como os demais . Nela acollemos ao alumnado con calma e amabilidade, escoitando ás familias no que precisen. Estas son benvidas dentro da aula o tempo que o precise o alumnado, sexa por estar no período de adaptación ou porque por algunha circunstancia o/a neno/a xa adaptado precisa que a familia o acompañe ata que se sinta seguro nese momento.

- Como xa comentamos na metodoloxía, temos nas aulas **ambientes preparados** con materiais para traballar diferentes destrezas que queiramos potenciar nas crianzas, onde haberá variadas **propostas** debidamente pensadas. Estas, poderán ser utilizadas tanto en mesas como no chan, tendo en conta que este é un lugar privilexiado que nos ofrece outro tipo de posibilidades, e ademais buscaremos usar o material en diferentes planos.
- **Actividades dirixidas:** actividades de vivenciación para traballar diferentes aspectos do currículo, de animación á lectura, presentación de materiais, dinámicas ou tarefas cooperativas...
- Nas nosas **assembleas** potenciamos o pensamento, e non as entendemos como un momento ríxido no que repetir o mesmo tipo de actividades unha e outra vez e na que varios grupos de alumnos/as se atopan de xeito pasivo. Si as vemos como un momento de de xuntanza, de conversa ou de organización de tarefas diarias ou para traballar aspectos relacionados co currículo.
- As **merendas** no noso centro poñen o foco na importancia dunha alimentación saudable. Para nós é fundamental que as crianzas e as súas familias tomen conciencia da importancia dunha boa alimentación, que sexan críticos/as e que teñan conciencia das repercusións que trae consigo non coidar o que inxerimos. Polo tanto fomentamos a inxesta de froita, intentando que sexa de tempada, e evitando os procesados e o azucre. Esta mesma visión a extrapolamos a todos os momentos, como nos aniversarios, nos obradoiros de cociña, nas saídas... É impotante sinalar que os nenos e nenas teñen un sistema de autorregulación, polo que o seu corpo inxire o que precisa. Isto significa que non insistimos nin moito menos forzamos a merendar.
- **Patio.** Queremos aproveitar o noso patio ao máximo, sabendo o beneficio que implica estar na natureza e o libre movemento, e estaremos neste espazo facendo xogo libre como mínimo unha hora diaria. Isto non significa que non poidamos facer uso del para moitas outras actividades que lles propoñamos.

- **Hora de ler:** ao longo da xornada teremos momentos nos que fomentaremos a lectura introducindo diferentes técnicas: teatro de mesa, narrativo, poesía, comic, contos cantados, dramatizacións... Tendo tamén momentos nos que o alumnado interactúe cos contos de maneira autónoma.
- Haberá momentos dentro da xornada diaria na que se realizarán **actividades de calma e relaxación**, xa que axudan ao alumnado a ser e estar no momento (mindfulness), conseguindo maior relaxación, tranquilidade, descanso e concentración.
- **Talleres:** serán momentos de traballo en grupo que poñen o foco en desenvolver determinadas habilidades e destrezas nas que se pon en práctica diversas técnicas como poden ser: culinarias, artísticas, musicais, científicas, teatrais... Estes talleres poden ser un bo momento para contar coa colaboración das familias.
- **Instalacións educativas:** trátase de exposicións artísticas temporais coas que se pretende que o neno e a nena explore cos materiais, as luces ou o espazo potenciando experiencias estéticas que fomentan a imaxinación, a creatividade, o gusto polo estético construíndo un ambiente de respecto cara os materiais e os demais.

RELACIÓN E CONVIVENCIA COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Consideramos moi importante integrar a todos o compoñentes da Comunidade Educativa neste Proxecto Educativo, transmitirles a ilusión e convencemento que temos no mesmo, xa que eles son elementos fundamentais para a mellora da calidade educativa e do centro.

EN RELACIÓN Á FAMILIA

Progresivamente queremos ir mellorando a relación familia-escola e contribuíndo a que a súa presenza sexa cada vez maior e con máis protagonismo. As consideracións básicas do noso centro a este respecto son:

- As familias son un pilar fundamental na aprendizaxe e desenvolvemento dos seus fillos, polo que non a podemos excluír deste proceso. A nosa función é abrírlles as portas, escoitalas e orientalas para facelas partícipes e cada vez máis seguras e empoderadas na educación dos seus fillos. Neste sentido os referentes son a persoa titora e o Departamento de Orientación.
- Son un elemento ademais de dinamización e creación de comunidade, polo que a escola debe situarse como recurso para este fin.
- A relación familia-centro é básica no proceso de adaptación positiva do alumnado á escola. Esta adaptación será respectuosa co ritmo e necesidades de cada neno, xa que dela dependerá a confianza e sensación de benestar e seguridade que o neno teña ao longo da súa vida ante os cambios, a apertura a novos contextos e situación e delo dependerá a súa emoción con respecto á aprendizaxe na aula. Polo tanto, cumprírase como mínimo o período de adaptación marcado pola lexislación en cada curso escolar, pero poderase ampliar libremente se se precisa conveniando dita adaptación entre persoa titora e familia.
- As familias deben estar totalmente implicadas no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos, polo que a comunicación con elas deberá ser fluida e continuada, tanto como se considere preciso, sen relegar estes intercambios comunicativos aos mínimos establecidos por lei. Este traslado de información ás familias deberá ser comprensiva e útil. Que reflecta realmente a evolución do alumnado.
- Tendo en conta as características do centro (dispersión de escolas) tratamos de realizar diferentes xuntanzas e convivencias ao longo do curso, contando coa colaboración familiar, xa que son eles os que desprazan ó alumnado ó lugar de celebración, ou ben ó punto de saída e recollida se viaxamos en autobús ou incluso acompañando ó grupo nas saídas a pé pola contorna próxima. En ocasións eles son os que nos serven de guía en ditas visitas,

especialmente nas visitas que as aulas organizan pola contorna en prol de dar visibilidade e coñecemento do legado material e inmaterial da contorna de cada unha delas.

- Para o contacto familia-escola, temos que aproveitar unha das vantaxes que teñen as nosas escolas pola súa particularidade. Pois os nenos son entregados e recollidos pola súa familia mesmo na porta. O que permite que o contacto se produza a diario, creándose un vínculo especial co profesorado.
- A ANPA é un recurso moi importante de mellora do centro e de relación e comunicación coas familias. Dende o centro debemos traballar por concienciar ás familias da importancia desta asociación, buscando un maior vínculo con ela, tanto para facer socios, como para estar pendientes e dar veracidade á información que esta lles transmita, así como para participar e colaborar nas actuacións que leven a cabo no e para o centro. Debemos tamén asegurar unha continuidade xeracional, de xeito que a asociación non perda forza nesta transición, que no noso caso é de 3 anos normalmente.

FORMAS DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS E AXENTES DA CONTORNA E EXTERNOS

Gabinetes externos, servizos sociais e sanitarios Concello: Especificado no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Centros educativos da zona: Dentro do Concello de Salvaterra hai outros 3 centros de primaria cos que mantemos relacións todo o ano para coordinar actividades e saídas. Maioritariamente a relación é a través das direccións dos centros e dos coordinadores de extraescolares. Tamén se fai unha coordinación para levar a cabo a transición infantil-primaria do mellor xeito posible e para establecer criterios e requisitos mínimos comúns na etapa de Educación Infantil.

Outros organismos e asociacións da contorna: Para facer partícipe á comunidade educativa do feito educativo, abrimos o centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno. Implicamos así ao centro na mellora do contexto social ao que se circunscribe. Tamén solicitamos colaboración a diferentes organismos e asociacións para a realización de

actividades diversas ao longo de todo o curso. Estamos iniciando os servizos concilia no centro, polo que tamén nos teremos que coordinar e implicar ás persoas monitoras deste servizo.

Concello: A coordinación co Concello é fundamental para o mantemento e mellora das instalacións, así como para coordinar e colaborar en diferentes actividades ao longo do curso. Polo que debemos seguir traballando para que esta comunicación centro-Concello sexa cada vez máis efectiva, planificando conxuntamente accións para a mellora da calidade das instalacións e de actuacións que repercutan en beneficio do enriquecemento e dinamización do entorno rural.

AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

A finalidade é analizar a adecuación do proxecto á realidade do centro e a súa funcionalidade para mellorar esta realidade. Polo tanto, este proxecto será sometido a unha reflexión ó longo dos 4 anos en 3 momentos clave:

- Avaliación inicial:

Partimos dunha análise diagnóstica a partir dos modelos DAFO e CAME, para detectar as áreas de mellora e marcar así os obxectivos e identidade do centro.

- Avaliación continua:

A concreción anual deste documento establecerase na PXA e realizarase unha valoración da mesma na memoria final de cada curso escolar, de onde xurdirán propostas de mellora.

Cada ano poderanse engadir adendas, aprobadas polo Claustro e o Consello Escolar para mellorar este documento que servirán á súa vez para mellorar o próximo proxecto educativo.

Actualizaranse sempre que sexa preciso, os documentos anexados que forman parte deste PE.

Empregaremos ferramentas e procedementos tanto formais como non formais das que podemos destacar: follas de rexistro das aportacións que nos cheguen dende os diferentes membros da comunidade educativa (especialmente familias e profesorado), mediante conversacións e diálogo, reunións trimestrais, follas de rexistro observación espontánea e guías de observación directa, enquisas de opinión anuais para valorar o grado de satisfacción do profesorado e reunións oficiais...

- **Avaliación final:** Transcorridos os 4 anos, valorarase o grado de consecución dos obxectivos a partir dos indicadores especificados no plan de mellora que se elaborará a inicios do curso 24-25, no que se detallen as actuacións previstas para conseguir os obxectivos propostos ao longo dos 4 anos de duración deste proxecto educativo. Para cada unha desas actuacións definiranse uns indicadores de logro (cos seus graos de consecución) temporalizados, que nos servirán para avaliar este proxecto. Elaborarase a partir de aquí unha memoria final cos resultados da valoración e propostas de mellora.

A avaliación realizarase en **dous ámbitos:**

1. **Avaliación interna:** dende o equipo directivo, que somos en último termo os responsables do Proxecto, polo que revisaremos a marcha del, para detectar posibles desaxustes non desexados e corrixilos.

2. **Avaliación Participativa:** Ademais do equipo directivo, participarán nesta avaliación o Claustro de profesores e o Consello Escolar.